

**PLENO DO EXCMO. CONCELLO.- NUM. 6**

**SESION EXTRAORDINARIA DO 3 DE ABRIL DE 2009**

**ASISTENTES**

Excmo. Sr. Alcalde  
Abelairas Rodríguez, Isaura  
Alonso Pérez, Fco. Xabier  
Calviño Rodríguez, Xulio  
Coello Bufill, Antonio  
Comesaña Abalde, Carlos  
Conde Gil, Jorge  
Díaz Vázquez, Raquel  
Domínguez Olveira, Santiago  
Fidalgo Iglesias, Miguel  
Figueroa Vila, José Manuel  
García Míguez, María Angeles  
González Sagarra, Javier Pablo  
Iglesias Bueno, Marta

Lago Rey, María Jesús  
Larriba Leira, Elvira  
López Atrio, Laura  
López Carreira, Xesús  
López Font, Carlos  
Martíño Gómez, Antonio  
Méndez Piñeiro, María  
Molares Pérez, Lucía Emilia  
Muñoz Posse, Carlota  
Porro Martínez, María Corina  
Rivas González, Angel  
Rodríguez Díaz, Santos Héctor  
Veloso Ríos, Iolanda

No salón de Plenos da Casa do Concello de Vigo, as once horas e nove minutos do día tres de abril do ano dous mil nove, coa Presidencia do Excmo. Sr. Alcalde, D. Abel Ramón Caballero Álvarez, e asistencia dos concelleiros Sres. e Sras. Abelairas Rodríguez, Alonso Pérez, Calviño Rodríguez, Coello Bufill, Comesaña Abalde, Conde Gil, Díaz Vázquez, Domínguez Olveira, Fidalgo Iglesias, Figueroa Vila, García Míguez, González Sagarra, Iglesias Bueno, Lago Rey, Larriba Leira, López Atrio, López Carreira, López Font, Martíño Gómez, Méndez Piñeiro, Molares Pérez, Muñoz Posse, Porro Martínez, Rivas González, Rodríguez Díaz e Veloso Ríos, actuando como Secretario Xeral do Pleno que asina D. José Riesgo Boluda, constituíuse o Pleno da Excma. Corporación en sesión EXTRAORDINARIA conforme á convocatoria e segundo a orde do día remitida a todos os Sres. concelleiros coa antelación legalmente requirida. Están tamén presentes os membros da Xunta de Goberno Local Sr. Mariño Mendoza e Sra. Maure Noia, mailo Interventor Xeral, don Juan Ramón González Carnero.

A PRESIDENCIA: Iniciamos o Pleno do Excmo. Concello en sesión extraordinaria, convocada por orde do día do 31 de marzo, acordado polos tres grupos municipais

cun punto único, O Presidente declara aberta a sesión en primeira convocatoria e procédese a trata-los asuntos da orde do día. Constátase quorum e ábrese sesión pública.

ÚNICO.(59). DECLARACIÓN INSTITUCIONAL CON MOTIVO DO TRIXÉSIMO ANIVERSARIO DAS PRIMEIRAS ELECCIÓNS MUNICIPAIS TRALA APROBACIÓN DA CONSTITUCIÓN DE 1978.

ANTECEDENTES.- Segundo acordado pola Xunta de Voceiros, procédese á lectura da declaración institucional da Federación Española de Municipios e Provincias, con motivo do trinta aniversario das eleccións municipais democráticas do 3 de abril de 2009.

A Presidencia procede á lectura da seguinte declaración institucional:

O 3 de abril de 1979 celebráronse as primeiras eleccións municipais democráticas, ao amparo da recentemente aprobada Constitución de 1978.

A cidadanía entraba por primeira vez nos Concellos, nas Deputacións, nos Cabildos e nos Consellos Insulares, os seus gobernos máis próximos, e pasaron a dirixilos. Foron os protagonistas do proceso de normalidade democrática que daba comezo no noso país.

Aquelas eleccións foron o comezo real da gran transformación política, social e económica de España e do período máis longo de progreso e de convivencia en liberdade da nosa historia.

Os primeiros Concellos democráticos foron o escenario do desenvolvemento e a consolidación da democracia, da participación política, da consolidación dos dereitos da cidadanía, pero tamén da implantación e da extensión de servizos, agora universais, que contribuíron a aumentar o benestar e a calidade de vida das persoas.

Os Gobernos Locais españois foron os principais motores do cambio social e os impulsores dos avances máis importantes que viviu España.

Nestes trinta anos, miles de homes e mulleres dedicaron as súas ilusións, o seu tempo e os seus coñecementos a representar con dedicación e responsabilidade aos seus veciños. Miles de persoas que, na súa condición de representantes públicos locais, concelleiros e concelleiras e alcaldes e alcaldesas, contribuíron co seu traballo á defensa da liberdade, pola convivencia e pola igualdade de oportunidades, valores supremos do sistema democrático. En especial, queremos manifestar o noso recoñecemento e solidariedade con todos aqueles que sufriron e sofren a ameaza terrorista de ETA e tamén o recordo emocionado de todos os nosos compañeiros asasinados por defender as liberdades e a democracia.

Os Gobernos Locais españois participaron de forma activa na transformación dun estado centralista e totalitario cara a un Estado de Dereito, descentralizado e participativo. Como parte esencial do novo estado democrático, as Institucións Locais contribuímos de forma activa á súa construción, fomos responsables, coa sociedade e cos demais poderes públicos, da súa consolidación, nun claro exercizo de compromiso, de lealdade e de xenerosidade institucional.

Trinta anos despois, os Gobernos Locais aínda non temos o lugar institucional que a Constitución esixe. O Estado evolucionou, pero non o suficiente para aproveitar todo o potencial de solvencia, eficacia e eficiencia dos Gobernos Locais, pola súa proximidade aos cidadáns e pola súa capacidade de resposta rápida ás súas demandas.

Chegou a hora dos Gobernos de proximidade. Somos tan Estado como os demais poderes públicos, pero coa vantaxe de que estamos máis preto da cidadanía.

Demostramos, durante trinta anos, a nosa capacidade de compromiso e eficacia coa execución de miles de obras públicas municipais financiadas con fondos propios ou da Unión Europea, e na actual conxuntura económica con miles de obras públicas financiadas con cargo ao Fondo Estatal de Investimento Local.

Consideramos necesario dotarnos de instrumentos que nos permitan paliar o actual déficit existente de representación institucional do poder municipal, especialmente nos ámbitos de discusión e negociación dos modelos de financiamento.

Nesta Lexislatura, temos que contar cun novo modelo de financiamento local, común para todo o territorio nacional, dotado dunha adecuada participación tanto nos tributos do Estado, como nos das Comunidades Autónomas, suficiente e estable para satisfacer as demandas e necesidades reais dos cidadáns e que debe ser elaborado e acordado coa FEMP e coa FEGAMP de forma simultánea e vinculada ao acordo de financiamento coas Comunidades Autónomas.

Financiamento local que debe ser coherente e ir acompañado pola aprobación nas Cortes Xerais dun "Estatuto Básico do Goberno Local" que defina de forma clara as competencias reais dos Concellos, Deputacións, Cabildos e Consellos Insulares, conforme ao exercizo dos principios de autonomía e subsidiariedade.

Reclamamos a implantación e desenvolvemento de modelos de financiamento e de Estatutos do Goberno Local no ámbito autonómico, cos mesmos principios de autonomía, de suficiencia financeira e de subsidiariedade.

Transcorridos trinta anos de posta en marcha e desenvolvemento de políticas públicas locais, que transformaron o perfil de pobos e cidades, temos no horizonte importantes retos que queremos afrontar con empuxe e decisión. Dende a responsabilidade e dende a confianza que nos outorgan a masiva participación cidadá nas sucesivas convocatorias electorais, que nos fan renovar o noso firme compromiso cívico de progreso e cohesión social.

A PRESIDENCIA: Esta é a declaración institucional aprobada pola FEMP.

E sen ter máis asuntos para tratar, o Sr. Presidente deu por rematada a sesión, ás once horas e dezasete minutos, da que se redacta a presente acta; como secretario dou fe do seu contido e incorpórase ó libro de actas do Pleno autorizada coa miña sinatura e máis a do Excmo. Sr. Alcalde-Presidente, conforme ó previsto no artigo 110.2 do RD 2568/1986.

kv.

O ALCALDE,

O SECRETARIO XERAL DO PLENO,

Abel Caballero Alvarez

José Riesgo Boluda.